



CONCELLO DE  
OLEIROS

Dilixencia..- Que estendo eu, secretaria accidental, para facer constar que as presentes bases referentes á convocatoria de "axudas para asistencia a comedores escolares-curso 2016/17", aprobáronse na sesión da Xunta de Goberno Local que tivo lugar o 17 de novembro de 2016.

Oleiros, 17 de novembro de 2016

A secretaria accidental,

Mª Pilar Cela Alvarez



## BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ASISTENCIA A COMEDORES ESCOLARES

### **Artigo 1.- Bases reguladoras e financiación.**

1. Convócase a concesión de axudas por parte do Concello de Oleiros para a asistencia a comedores escolares, ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros*, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2016.

2. As axudas outorgaranse con cargo á aplicación orzamentaria 2016/82.3260.48900 ata o límite de 27.000 euros.

### **Artigo 2.- Obxecto da convocatoria**

É obxecto desta convocatoria a concesión de axudas para mantenza en comedores escolares de Centros Públicos de Ensino de Oleiros, xestionados polas ANPAS, no curso escolar 2016/2017.

Esta axuda é incompatible con calquera outra procedente de entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

### **Artigo 3.- Requisitos dos beneficiarios**

1. As axudas poderán ser solicitadas polos representantes legais –pai, nai, tutor/a– de alumnado matriculado en ditos centros para o curso escolar 2016/2017, e que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroados no Concello de Oleiros (á data de comezo do curso escolar 2016/2017).
  - b) Estar matriculado o/a menor para o curso escolar correspondente á convocatoria nun centro de ensino público sito no termo municipal de Oleiros e que conte con servizo de comedor xestionado pola ANPA.
  - c) Ter no ano 2015 unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €.
  - d) Enténdese por renda per cápita familiar, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables.
  - e) A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Os membros da unidade familiar que presentasen declaración do imposto sobre a renda de 2015, para os efectos do cálculo da renda familiar sumarán os da base imponible xeral e da base imponible do aforro da declaración.
  - f) Non ser debedor da Facenda Municipal ningún dos membros computables da unidade familiar.
  - g) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario e coas obrigas que implica, tal e como se establece na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións todos os membros computables da unidade familiar.
2. A ausencia dalgún dos requisitos anteriores implicará a desestimación da solicitude sen máis trámite.

### **Artigo 4.- Contía das axudas.**

1. A contía exacta que se concederá a cada alumno determinarase en función da renda per cápita da familia do solicitante, de acordo co seguinte cadro:




RENDA PER CAPITA 2015	CANTIDADE QUE SE CONCEDE
De 0 a 2.300 euros	700 €
De 2.300,01 a 4.600 euros	380 €
De 4.600,01 a 6.000 euros	260 €

2. En caso de que o beneficiario forme parte dunha familia numerosa o importe que lle corresponda segundo o parágrafo anterior incrementarase nun dez por cen se se trata dunha familia de categoría especial e nun cinco por cen se é de categoría xeral, circunstancia que deberá acreditar no momento da solicitude de axuda coa presentación do carné correspondente.
3. No caso de que a situación económica que se poida inferir da declaración da renda presentada tivese variado sustancialmente por motivos sobrevidos durante o ano 2016, de xeito que a familia pasase a atoparse nunha situación de precariedade económica (é decir, que se atope incluída no tramo de renda máis baixo dos relacionados no cadro anterior), que non existía no exercicio 2015, terase en conta a efectos de concesión da axuda a nova situación, sempre que a mesma sexa acreditada mediante o correspondente informe emitido polos Servizos Sociais do Concello.
4. Se algúun alumno asiste ao comedor menos de cinco días á semana, a cantidade que lle corresponda segundo a renda definida no cadro anterior prorrótease en función do número de días á semana que asiste, e se axustará o importe concedido á parte proporcional que corresponda.
5. No suposto de que o número de solicitantes que cumplen os requisitos determinase a insuficiencia da previsión orzamentaria sinalada no artigo 1, serían rexeitadas as solicitudes correspondentes a familias que acaden unha renda máis elevada, ata o límite en que o crédito consignado sexa abondo para atender ás demáis.
6. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cuantía que, ailladamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

#### **Artigo 5.- Solicitudes.**

1. As solicitudes deberán presentarse ante o rexistro do Concello de Oleiros sito no Centro Cultural "A Fábrica", no modelo normalizado que se lles proporcionará nas oficinas do mesmo, e que se inclúe como anexo 1 da presente convocatoria.
2. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Asimesmo publicarase un extracto das Bases no taboleiro de anuncios do Centro Cultural "A Fábrica" e na páxina web do Concello.
3. A Administración poderá demandar dos solicitantes a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión da axuda.
4. Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:
  - Fotocopia do DNI do solicitante, agás que tivera solicitado a axuda para o curso anterior e non houbese variación nos datos.



- Documento acreditativo da conta bancaria onde desexen recibir a axuda (certificado bancario, fotocopia compulsada de libreta de aforro/conta corrente), agás que tivera solicitado a axuda para o curso anterior e non houbese variación nos datos.
- Documento acreditativo en vigor onde figuren todos os membros de familia numerosa, de ser o caso.

O empadroamento e matrícula no centro comprobarase de oficio.

#### Artigo 6.- Concesión

- a) Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas por unha comisión de valoración composta por:
- Presidenta: A Concelleira delegada de Ensino e Xuventude.
  - Vocais: A Concelleira delegada de Cultura e Normalización Lingüística, A Concelleira delegada de Deportes e o Técnico do Servizo Municipal de Educación.
  - Secretaria: Unha das auxiliares administrativas da Asesoría Xurídica de Cultura, Ensino, Deportes, Formación, Emprego e Xuventude; en primeiro lugar, a de maior antigüidade, e en caso de imposibilidade ou incompatibilidade, a seguinte pola mesma orde.

A Concelleira delegada de Ensino e Xuventude será a instrutora do expediente.

- b) Efectuada esta avaliación, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Oleiros, e no do Centro Cultural "A Fábrica", nos centros escolares e na páxina web do Concello, unha lista coas solicitudes admitidas, as que se propón denegar e por qué motivo, e as que deben emendar errores ou aportar documentación, concedéndose un prazo de 10 días para iso e máis para presentar alegacións, advertindo que, en caso de non subsanar en prazo, proporase a súa denegación. Transcorrido dito prazo, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución, que presentará á Xunta de Goberno Local.
- c) As axudas serán concedidas por acordo da Xunta de Goberno Local. O acordo deberá adoptarse en dous meses desde que rematara o prazo para a presentación das solicitudes. De non adoptarse resolución expresa neste prazo, entenderase desestimada a solicitude. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.
- d) Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
- e) A resolución definitiva que se adopte será publicada do mesmo xeito sinalado no parágrafo b). Estas publicacións substituirán á notificación nos términos que se establecen no artigo 45.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. As dúas listas publicaranse únicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes presentaran na súa solicitude.
- f) Cando se acredeite que a persoa solicitante ten a condición de vítima de violencia de xénero mediante orde de protección, e así o solicite, a publicación no taboleiro de anuncios será substituída, cando así se faga constar na solicitude polas persoas interesadas, pola notificación individual.

- 
- g) De acordo co previsto no artigo 20.8.b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, non se efectuará a publicación dos datos dos beneficiarios na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **Artigo 7.-Obrigas dos beneficiarios**

Os solicitantes deberán comunicar calquera alteración das circunstancias que deron lugar á concesión da axuda. Asemade, deberán facilitar canta información lle sexa requerida polo Concello de Oleiros en relación coa actividade subvencionada.

#### **Artigo 8.- Xustificación e pagamento.**

- a) O pagamento efectuarase do seguinte xeito:


1. Ao rematar o primeiro trimestre poderase efectuar o pagamento da cantidade rateada que corresponda a dito período en función dos días reais de asistencia ao comedor. Para iso será necesaria a presentación dun certificado da ANPA onde conste: o número de días totais do curso escolar que prestará servizo o comedor, o número de días de asistencia efectiva ao comedor de cada alumno durante este trimestre, así como a inexistencia de débedas do usuario coa ANPA. En caso de existir débedas coa ANPA, esta incluirá no certificado a cantidade adebedada; neste suposto, procederase do xeito que se especifica no parágrafo 3 desta cláusula.
2. Despois de rematar o curso, aportarase un certificado da ANPA onde conste:
  - Número de días de asistencia ao comedor de cada un dos alumnos a partir de xaneiro, e o número de días totais de asistencia durante o curso escolar.
  - No seu caso, importe das cantidades adebedadas polos beneficiarios á ANPA por este concepto.
  - Importe que lle correspondeu pagar ao usuario do comedor durante todo o curso.

3. Deberá constar o efectivo pagamento da totalidade do importe debido á ANPA en concepto de comedor do alumno beneficiario. En caso contrario, non se procederá ao pagamento da axuda. Non obstante, o beneficiario poderá autorizar á ANPA a cobrar no seu nome o importe adebedado. De ser así, pagaráse dita cantidade á ANPA e o importe restante da axuda, directamente ao beneficiario.

- b) Reduciranse proporcionalmente as cantidades concedidas no suposto de que os alumnos subvencionados non asistan finalmente ao comedor ou asistan menos días dos previstos inicialmente.


#### **Artigo 9.- Normativa reguladora.**

A presente convocatoria rexeráse supletoriamente polas Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas do Concello de Oleiros, aprobadas no marco das Bases de Execución do Orzamento Xeral para 2016, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que teñen carácter básico, e polo seu regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demáis normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.





CONCELLO DE  
OLEIROS



ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA PARA ASISTENCIA A COMEDOR ESCOLAR. CURSO 2016-2017

A.- DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

PRIMEIRO APELIDO: .....  
SEGUNDO APELIDO: .....  
NOME: .....  
DOMICILIO FAMILIAR (rúa, nº, piso): .....  
LOCALIDADE: ..... CÓDIGO POSTAL: .....  
TELÉFONO: .....  
Endereço electrónico (e-mail).....

B.- DATOS DOS NENOS/AS PARA AS QUE SOLICITA A AXUDA

1. NOME E APELIDOS .....  
PARENTESCO CO SOLICITANTE .....  
CENTRO EDUCATIVO NO QUE REALIZA OS SEUS ESTUDOS .....  
DATA DE NACEMIENTO .....  
DÍAS Á SEMANA DE ASISTENCIA AO COMEDOR .....

2. NOME E APELIDOS .....  
PARENTESCO CO SOLICITANTE .....  
CENTRO EDUCATIVO NO QUE REALIZA OS SEUS ESTUDOS .....  
DATA DE NACEMIENTO .....  
DÍAS Á SEMANA DE ASISTENCIA AO COMEDOR .....

C.- DATOS FAMILIARES REFERIDOS A 2015 (membros da unidade familiar)

NIF	APELIDOS E NOME	PARENTESCO	DATA DE NACEMIENTO



## D.- DECLARACIÓN XURADA

O solicitante **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**1º.-** Que se atopa incluído na situación de renda per cápita familiar que se indica a continuación:

RENTA PER CAPITA 2015

- De 0 a 2.300 euros
- De 2.300,01 a 4.600 euros
- De 4.600,01 a 6.000 euros

**2º.-** Que non está incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir subvención previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e que coñece e acepta as bases reguladoras da presente convocatoria.

**3º.-** Que todos os datos incorporados á presente solicitude axústanse á realidade, quedando enterado/a de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.

**4º.-** Que non ten débedas pendentes de carácter tributario co Concello de Oleiros e que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**5º.-** Que ten coñecemento da incompatibilidade desta axuda con calquera outra procedente de entidade pública ou privada para a mesma finalidade, e que, en caso de obter algunha, comunicarao inmediatamente ao Concello de Oleiros.

\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

Sinatura



CONCELLO DE  
OLEIROS




E.- AUTORIZACIÓN DE ACCESO A DATOS TRIBUTARIOS ANO 2015.

As persoas abaixo asinantes AUTORIZAN ao Concello de Oleiros a solicitar información de carácter tributario referida ao exercicio 2015 perante a Axencia Estatal da Administración Tributaria aos efectos da solicitude de axudas para a asistencia a comedores escolares do curso 2016-2017.

NOME COMPLETO	DNI	SINATURA

\* para ser asinado por todos os membros da unidade familiar que obtiveran rendas en 2015.



D/D<sup>a</sup> .....  
solicitante de axuda para asistencia a comedor escolar (curso 2016-2017) en  
representación de .....  
autorizo á ANPA....., a  
percibir no meu nome o importe da axuda que se me conceda, no caso de que teña  
contraída algunha débeda coa mesma en concepto de asistencia ao comedor  
durante o curso 2016-2017, ata a cantidade correspondente ao importe adebedado.

Sinatura

---

Os datos de carácter persoal que nos faciliten con motivo da solicitude de axuda/subvención serán incorporados a un ficheiro do que é titular o CONCELLO DE OLEIROS cuxa finalidade é a tramitación do correspondente expediente administrativo. Poderán exercitar gratuitamente os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito, acompañado de fotocopia de DNI ou documento equivalente, que poderá ser presentado no Rexistro do Concello.

Así mesmo, pombos no seu coñecemento a posible comunicación dos seus datos aos Organismos Públicos que coordinan e controlan a concesión de axuda/subvención e a publicación da concesión ou denegación da mesma en taboleiros de anuncios, Boletíns Oficiais ou na propia páxina web do Concello de Oleiros.

No caso de que, entre a información facilitada, figuren datos de terceiros deberán de facerlle partícipes desta información.

---



# **CONCELLO DE OLEIROS**



MODELO DE XUSTIFICACIÓN DO PRIMEIRO TRIMESTRE A PRESENTAR POLA ANPA

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ en calidad de Secretario/a  
da ANPA \_\_\_\_\_

## CERTIFICA:

1º.- Que o número de días lectivos que prestará servizo o comedor escolar durante o curso \_\_\_\_\_ será de \_\_\_\_\_ días.

2º.- Que os alumnos que se relacionan a continuación asistiron ao comedor escolar durante o primeiro trimestre do curso \_\_\_\_\_ o número de días que se especifica, e que a situación da súa débeda con esta ANPA é a que se sinala:

O que se certifica, co visto e prace do/a Presidente/a, a efectos da súa presentación ante o Concello de Oleiros para a tramitación do expediente de Axudas para asistencia a comedores escolares

Oleiros, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/A Secretario/a

Vº e Prace  
O/A Presidente/q

Asdo.

Asdo.



MODELO DE XUSTIFICACIÓN FINAL A PRESENTAR POLA ANPA

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ en calidad de Secretario/a  
da ANPA \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

- 1º.- Que o número de días lectivos que prestou servizo o comedor escolar foi de \_\_\_\_\_ días.

2º.- Que os alumnos que se relacionan a continuación asistiron ao comedor escolar o número de días totais que se especifica, e que a situación da súa débeda con esta ANPA é a que se sinala:

O que se certifica, co visto e prace do/a Presidente/a, a efectos da súa presentación ante o Concello de Oleiros para a tramitación do expediente de Axudas para asistencia a comedores escolares

Oleiros, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

O/A Secretario/a

Vº e Prace  
O/A Presidente/a

Asdo.\_\_\_\_\_

Asdo. \_\_\_\_\_